

O FÍO INVISÍBEL

[Paul Thomas Anderson, 2017]

343

ESTREA EN NUMAX: 09.02.2018 | V.O.S.E. | +12

Phantom Thread (2017, 130')

Dirección: Paul Thomas Anderson

Guión: Paul Thomas Anderson

Elenco: Daniel Day-Lewis, Lesley Manville, Vicky Krieps, Richard Graham, Bern Collaco, Jane Perry, Camilla Rutherford, Pip Phillips

Son: John Midgley

Montaxe: Dylan Tichenor

Vestuario: Mark Bridges

Dirección de arte: Chris Peters, Denis Schnegg, Adam Squires

Música: Jonny Greenwood

Fotografía: Paul Thomas Anderson

Produtoras: Annapurna Pictures, Focus Features,

Ghoulardi Film Company (Estados Unidos)

Distribuidora: Universal

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Puro vicio, 2014

The Master, 2012

Pozos de ambición, 2007

Embriagado de amor, 2002

Magnolia, 1999

Boogie Nights, 1997

Sidney, 1996

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2018 (Nomeado a mellor filme, dirección, actor, actriz secundaria, vestuario e banda sonora), Globos de Ouro 2018 (Nomeado a mellor actor dramático —Daniel Day-Lewis—), BAFTA 2017 (4 nominacións), National Board of Review 2017 (Mellores dez filmes do ano), Satellite Awards (2 nominacións)

SINOPSE

No glamouroso Londres dos anos 50 o célebre modisto Reynolds Woodcock e a súa irmá Cyril son o centro de todas as miradas: visten a realeza, estrelas de cinema, herdeiras e membros da alta sociedade. Pola vida do deseñador desfilan todo tipo de mulleres, brindándolle inspiración e compañía, até que se cruza no seu camiño unha moza de convicións férreas, Alma, que axiña se converte nun piar do seu día a día como musa e amante. A vida de Woodcock, até entón coidadosamente controlada e planificada como todos os seus patróns de costura, vese sacudida polo amor.

«A lixeira gravidade do filme fan del unha obra mestra tanto do drama como da comedia»

Luis Martínez, EL MUNDO ★★★★★



“Os grandes actores fante mellor como cineasta”

Entrevista con Paul Thomas Anderson

Por Kyle Buchanan

Sempre soubeches poñerlles grandes nomes aos teus personaxes, desde Dirk Diggler en *Boogie Nights* (1997) ao Freddie Quell de *The Master* (2012). Como chegaches a Reynolds Woodcock? Ben, o mérito é de Daniel [Day-Lewis]. Estabamos de broma, enviándonos mensaxes un ao outro como adolescentes, tentando dar con nomes. Eu tiña un nome poderoso: «Arthur Dapple, Jr.».

Non está mal, pero non é «Reynolds Woodcock». Desde logo. Estaba próximo ao correcto e nese intre chégame a mensaxe de Daniel. Nese momento, desde dous extremos do país, comezamos a rir con tanta forza que as bágoas remataron caendo polas miñas meixelas. Pensei, non podemos facelo, verdade? Pero... temos que facelo!

O fío invisíbel é o oitavo filme que dirixiches. Se che dixera hai algúns anos, por exemplo logo de facer *Magnolia* (1999), que ías facer un filme así, teríaste sorprendido? Está ben, xoguemos a isto. «Quéresme dicir que vou traballar dúas veces con Daniel Day Lewis?». Creio, honestamente, que esa tería sido a miña reacción.

Intimidoute nun primeiro momento? Ou nalgunha ocasión fuches intimidado por algún actor? Quentin Tarantino ten unha gran frase sobre isto: «Non me intimidan os bos actores, danme medo os malos». A idea é que os grandes actores te fan mellor como cineasta, e iso obviamente é fantástico, porque o reto co que o cineasta non pode lidar é facer unha película con malos actores.

Fálame do teu primeiro encontro con Daniel. Coñecíalo antes de *Pozos de ambición* (2007)? Nalquel intre fun á súa casa de Nova York, sentei e bebín unha cunca de té. Falamos dúas, tres, catro horas, e o mesmo o día seguinte, e o seguinte máis, e nunca deixei de falar con el.

Dixeches logo de *Puro vicio* (2014) que buscabas facer un filme de clase alta con roupas elegantes. Até que punto *O fío invisíbel* é unha reacción aos teus filmes anteriores? Seguramente o sexa, mais creio que ten máis a ver co paso do tempo e o reloxo que hai no recanto do cuarto. Finalmente, cantos filmes me restan por facer? O tempo avanza. Tiña o desexo de facer un filme en Inglaterra, e un grande aprecio pola costura, os traxes e esa caste de mundo, e o tipo de novela gótica no que adoitan aparecer estes elementos. Chris Rock díxome unha vez: «Tío, cando vas facer un filme sobre as relacións?» E pensei que se Rock me daba un consello debía tentar seguilo.

Eu coído que si fixeches filmes sobre relacións antes. Eu podería pensalo tamén, pero creio que o reto era pensar

sobre o que significa estar nunha relación. Que significa estar no asento do piloto e do acompañante e como se poden intercambiar, de xeito sutil, estes papeis. Esa era unha cousa moi concreta que creo que non fixera antes.

Iso é o fascinante da relación entre Reynolds e Alma, esa dinámica cambiante do poder. Mesmo cando Alma semella ficar subordinada, tamén o domina ao seu xeito. Non é moi habitual contemplar esa dinámica na pantalla. Porque a priori non é algo moi cinematográfico. Sucede a cámara lenta. É algo polo xeral invisíbel, como unha caste de brétema que pouco a pouco vai mudando.

Escoitei que boa parte da inspiración para facer *O fío invisíbel* veche cando estabas doente. É un pouco esaxerado pero tampouco está moi lonxe de ser verdade. Ten a ver co que significa desacelerar, ir a modo. Nesta época é enormemente difícil pisar o freo e parar. A idea de que só es quen de levantar o acelerador cando tes algún tipo de enfermidade é moi poderosa para min.

A medida que cumpres anos faste máis ou menos controlador no proceso creativo? Diría que menos, aínda que seguro que a todos os que traballan comigo lles daría unha volta se me escoitan. Non quero ter control sobre as actuacións. Quero controlar a situación que permite aos actores sentirse libres no seu traballo.

Publicado en www.vulture.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

***Inherent Vice*, Thomas Pynchon**
Penguin, 2015

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por 4,5€**

**Faite
NUMAX!**